



EXPEDIENTE	CONSELLO ECONÓMICO SOCIAL. SESIÓN EXTRAORDINARIA 09.11.2016.	3/2016
TRÁMITE	Traslado de Decreto convocatoria.	

Particípolle que, no día da data, o Sr. Alcalde ditou o seguinte Decreto:

“Por acordo plenario do 25.03.2000 apróbase o Regulamento do Consello Económico e Social do Concello de Pontevedra (CES en adiante), regulamento que ven en ser publicado no BOP nº 70 do 10.04.2000.

A finalidade e funcións deste órgano sinálanse nos arts. 2 e 3 do seu regulamento, e mesmo plasma a previsión do art. 131 da Lei 7/1985.

Xa que logo, e de conformidade co precisado no art. 9 b) do citado Regulamento, resolvo:

Primeiro.-

Convocar aos membros do CES á sesión do Pleno deste órgano que terá lugar o vindeiro día **09.11.2016, ás 19.00 horas**, na Sala de Xuntas do Concello, sito no andar 3º do edificio de Michelena, 30.

Segundo.-

Fixar a seguinte Orde do día:

1.- Fondos de Desenvolvemento Urbano Sostible Integrado (DUSI): primeira información sobre a concesión dos fondos; e información sobre reunión no Ministerio de Administracións Públicas e Facenda (MINAPH) para a xestión dos mesmos.

2 Información sobre os criterios e liñas xerais do Proxecto de Orzamentos municipais para 2017.

Terceiro.-

Dar traslado da presente aos membros do pleno do CES, de acordo co sinalado no art. 8 b) do seu regulamento.

A documentación relativa aos asuntos incluídos na orde do día que fora facilitada á Secretaría, estará a disposición dos membros na Secretaría Xeral do Pleno do Concello, a efectos da súa consulta.

Isto sen prexuízo da súa remisión, xunto coa convocatoria, en soporte papel ou informático, de ser o caso.”

O que lle comunico para o seu coñecemento e efectos.

Pontevedra, 03.11.2016.
O Secretario Xeral do Pleno

José Luis Mato Rodríguez

MEMBROS DO CONSELLO ECONÓMICO E SOCIAL